

XÉNERO E MERCADO DE TRABALLO EN GALICIA: ANÁLISE DE EQUIDADE MEDIANTE INDICADORES SINTÉTICOS

IRENE RIOBÓO LESTÓN* / CAROLINA MARTÍN LÓPEZ**

*Universidade Rey Juan Carlos / **Universidade de Castela-A Mancha

Recibido: 1 de xuño de 2011

Aceptado: 14 de xullo de 2011

Resumo: O estudo das desigualdades de xénero constituíu un área de grande interese na análise económica nos últimos anos, polo que resultou necesario dispoñer de medidas que permitiran a súa cuantificación. De entre as múltiples posibilidades que existen, cómpre destacar a utilización de indicadores sintéticos, xa que permiten considerar as diversas dimensións que subxacen tras o complexo concepto de equidade de xénero. Neste traballo centramonos na medición do nivel de igualdade ou de desigualdade existente no mercado laboral en Galicia e en España mediante a obtención dun índice sintético –Gender Inequality in Labour Market (GILM)– que permite cuantificar as brechas entre xéneros, posibilitando unha comparativa temporal en ambas as dúas áreas xeográficas. Este indicador foi obtido para o período 2001-2010 seguindo as directrices metodolóxicas proporcionadas pola OCDE e polo JRC para a obtención de indicadores compostos, e a partir dos datos procedentes das principais fontes de información laboral existentes en Galicia e en España.

Palabras clave: Indicador sintético / Equidade de xénero / Indicador de xénero / Mercado laboral / Agregación / Ponderación.

GENDER AND LABOUR MARKET IN GALICIA: ANALYSIS OF EQUITY THROUGH SYNTHETIC INDICATORS

Abstract: The study of gender inequalities has been an area of great interest in economic analysis in recent years, so it has become necessary to have measures that allow their quantification. Among the diverse possibilities existing, we can highlight the use of synthetic indicators due to they make feasible to consider the several dimensions that underlie the complex concept of gender equity. In this work we have focused on measuring the level of equality or inequality in the labour market in Galicia and Spain by obtaining a synthetic index –Gender Inequality in Labour Market (GILM)–, which quantifies the gender gaps allowing a temporal comparison in both geographical areas. This indicator has been obtained for the period 2001-2010, following the methodological guidelines provided by the OECD and the JRC to obtain composite indicators, and based on data from the main sources of employment in Galicia and Spain.

Keywords: Synthetic indicator / Gender equity / Gender indicator / Labour market / Aggregation / Weighting.

1. INTRODUCCIÓN

Logo da *IV Conferencia Mundial sobre a Muller*, que tivo lugar en Pequín no ano 1995, xorde unha nova vía de traballar cara á igualdade de oportunidades baseada en fortalecer o sistema de recolección, procesamento e difusión de datos estatísticos desagregados por sexo, e en adoptar indicadores de xénero que contribúan ao diagnóstico da situación de mulleres e homes.

A equidade de xénero confórmase como un problema complexo con múltiples dimensións, de modo que dispoñer dun conxunto común de indicadores sintéticos que consideren esas dimensións facilita a análise da posición relativa de homes e

mulleres. Neste sentido, os indicadores de equidade de xénero constitúen unha ferramenta dunha grande utilidade para promover a igualdade entre sexos, así como para avaliar o grao de efectividade de diferentes políticas e acordos tomados neste ámbito. Porén, este tipo de medidas han ser obtidas e interpretadas con precaución, polo que se require unha total transparencia na metodoloxía aplicada no seu cálculo, así como unha total comprensión dos compoñentes que interveñen neste proceso.

Unha revisión das investigacións máis significativas realizadas en materia de indicadores de xénero revela importantes avances na obtención de indicadores sintéticos, tanto por parte das entidades públicas como das privadas. No mundo académico destacan as achegas de White (1997), Dijkstra e Hanmer (2000), Dijkstra (2002, 2006), Klasen (2006), Permanyer (2008), Plantenga *et al.* (2009), Zambrano (2010) e Ferrant (2010).

Polo que respecta ás achegas realizadas desde as entidades públicas cómpre destacar o *African Gender Status Index*, proposto pola Comisión Económica para África no ano 1994 co obxecto de analizar o progreso neste continente a través dos avances na igualdade de xénero, é un indicador que abarca tres grandes bloques: social, económico e poder político. No ano 1995 o Programa de Desenvolvemento das Nacións Unidas ofrece dous índices de igualdade de xénero: o *Gender-Related Development Index (GDI)*, que comprende as áreas de esperanza de vida, educación e acceso aos recursos; e o *Gender Empowerment Measure (GEM)*, que se centra no poder e na capacidade de decisión nos ámbitos político e económico. En maio de 2005 o Foro Económico Mundial publica o *Gender Gap Index (GGI)*, baseado nas seguintes dimensións: participación económica e oportunidades, nivel de educación alcanzado, poder político, e saúde e supervivencia (López Claros e Zahidi, 2005; Hausmann *et al.*, 2006). Tamén é a partir do ano 2005 cando o Social Watch ofrece o seu *Gender Equity Index (GEI)*, que considera os seguintes campos: participación, economía, educación e empoderamento. Finalmente, cómpre mencionar o *Social Institutions and Gender Index (SIGI)*, presentado pola OCDE no ano 2009 (Branisa *et al.*, 2009) con base nas seguintes áreas: familia, liberdades civís, integridade física e dereitos de propiedade. Tendo presente esta gran variedade de indicadores, é preciso prestarlle unha especial atención á metodoloxía que cómpre aplicar na súa obtención.

Neste traballo o obxectivo principal é medir o grao de desigualdade que existe no mercado laboral de Galicia e de España mediante o cálculo dun índice sintético, para o que se seguiron as directrices metodolóxicas recollidas en Riobóo e Riobóo (2009) e en Riobóo e Martín (2011), baseadas nas liñas xerais proporcionadas pola OCDE e polo Centro Común de Investigación da Comisión Europea (Nardo *et al.*, 2005) para a obtención de indicadores sintéticos. Deste modo, elaboramos o índice *Gender Inequality in Labour Market (GILM)* a nivel nacional e rexional, que nos permitirá cuantificar e comparar as brechas existentes entre xéneros en ambas as dúas áreas xeográficas.

O traballo estrutúrase como segue. Na sección 2 preséntanse os datos, a metodoloxía e as ferramentas estatísticas para a obtención do *GILM*. Na sección 3 recóllense os resultados alcanzados no estudo empírico para Galicia e España no período 2001-2010. Finalmente, na sección 4 expóñense as principais conclusións do estudo.

2. METODOLOXÍA E DATOS UTILIZADOS

O primeiro paso na obtención dun índice de equidade de xénero consiste no establecemento do propio concepto de equidade. Dado que neste traballo nos centramos no ámbito laboral, esa definición está vinculada á posibilidade de garantir en termos de dereitos as mesmas oportunidades no mercado de traballo de construír as condicións que permitan o seu goce. Ademais, como veremos máis adiante, conceptualízase de tal modo que son consideradas tanto brechas de xénero positivas coma negativas implicando, polo tanto, axustes para ambos os dous sexos.

Logo da delimitación do marco conceptual, a obtención do indicador sintético do grao de equidade de xénero no mercado laboral lévase a cabo mediante unha formulación metodolóxica por etapas que o converten nun proceso transparente e claro, que pasamos a describir a continuación.

Dada a intención de dispoñer dun índice de xénero multidimensional, manexamos cinco dimensións ou áreas de interese económico que abarcan os aspectos máis relevantes do mercado laboral: actividade, ocupación, paro, inactividade e salarios. En total dispónse para o período 2001-2010 de sesenta e unha variables desagregadas por sexo para Galicia e para o conxunto do país, sendo a súa periodicidade anual (táboa 1). Estas variables obtivéronse das principais fontes oficiais do mercado de traballo, en función do seu grao de relevancia, da súa fiabilidade e da súa dispoñibilidade, sendo a fonte máis utilizada a *Encuesta de población activa* do Instituto Nacional de Estadística (INE). Ademais, cómpre destacar que todas elas están claramente posicionadas como positivas ou como negativas polo que respecta á igualdade de xénero, xa que se evitaron aquelas de interpretación confusa como poden ser as variables relativas a aspectos relixiosos ou de nacionalidade.

Táboa 1.- Composición do *GILM*

IMENSIÓN: ACTIVIDADE* (en miles de persoas)	DIMENSIÓN: INACTIVIDADE* (miles de persoas)
Activos menores de 25	Inactivos menores de 25
Activos de 25 e máis	Inactivos de 25 e máis
Activos analfabetos	Inactivos por inactividade estudante
Activos educación primaria	Inactivos por inactividade xubilado
Activos educación secundaria	Inactivos por inactividade labor do fogar
Activos formación laboral	Inactivos por inactividade incapacidade
Activos educación superior	Inactivos por inactividade pensión non xubilación
Activos doutoramento	

Táboa 1 (continuación).- Composición do *GILM*

DIMENSIÓN: PARO* (miles de persoas)	DIMENSIÓN: OCUPACIÓN* (en miles de persoas)
Parados menores de 25	Ocupados menores de 25
Parados de 25 e máis	Ocupados de 25 e máis
Parados analfabetos	Ocupados analfabetos
Parados educación primaria	Ocupados educación primaria
Parados educación secundaria	Ocupados educación secundaria
Parados educación superior	Ocupados formación laboral
Parados que buscan o seu primeiro emprego	Ocupados educación superior
Parados por busca de emprego menos 1 ano	Ocupados doutoramento
Parados por busca de emprego de 1 a 2 anos	Ocupados agricultura
Parados por busca de emprego máis de 2 anos	Ocupados industria
	Ocupados construción
	Ocupados servizos
	Ocupados traballos en AA.PP.
	Ocupados traballos de dirección
	Ocupados traballos intelectuais
	Ocupados traballos de apoio
	Ocupados traballos administrativos
	Ocupados tempo completo
	Ocupados tempo parcial
	Traballadores por cta. propia empregador
	Traballadores por cta. propia empresario sen asalar.
	Traballadores por cta. propia membro cooperativa
	Asalariados do sector privado indefinidos
	Asalariados do sector privado temporais
	Asalariados do sector público indefinidos
	Asalariados do sector público temporais
DIMENSIÓN: SALARIOS** (euros)	
Salario medio menores de 25	
Salario medio de 25 e máis	
Salario medio enerxía e auga	
Salario medio industria	
Salario medio construción e inmobiliaria	
Salario medio comercio	
Salario medio transporte e comunicacións	
Salario medio entidades financeiras	
Salario medio servizos ás empresas	
Salario medio ensinanza e sanidade	

FONTES: *INE: *Encuesta de población activa*; **AEAT: *Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias*.

A selección deste conxunto de datos realizouse coidadosamente, tendo en conta distintas posibilidades e aplicando diversas técnicas, como son a análise de compoñentes principais e a análise da asociación estatística existente entre as variables, o que nos permitiu manter a estrutura das dimensións consideradas.

Unha vez que dispoñemos da base de datos coa que elaborar o indicador sintético, o seguinte paso na súa obtención céntrase na combinación da información seleccionada por variable para homes e mulleres. Para iso recorreremos á utilización do denominado “índice de feminización”, que se define como a porcentaxe que representan as mulleres respecto do total da variable, e que vén dado pola seguinte expresión:

$$F(X_{it}) = \frac{X_{it}^M}{X_{it}^T} 100$$

mediante a que se obtén para a variable X , no período t e a observación i -ésima, a porcentaxe que representa esa variable referida ás mulleres X^M sobre o total de ambos os dous sexos X^T . Se traballamos con variables onde o total é acumulativo, é dicir, é a suma de xéneros, como sucede coa maioría das variables seleccionadas neste estudo, o campo de variación do índice de feminización está comprendido no intervalo $[0,100]$, onde o valor 50 asóciase á equidade de xénero, mentres que os valores inferiores a 50 se asocian a unha peor situación relativa das mulleres, o cal sería positivo ou negativo dependendo das connotacións da variable a estudar. Se, pola contra, se manexa outro tipo de variables onde o total non é acumulativo, como son, no noso caso, os salarios presentados como medias, a equidade alcánzase ante un índice de feminización que tome o valor 100. Neste sentido, cómpre mencionar que, co obxecto de que todas as series manexadas neste traballo estean acoutadas e que, á vez, teñan o mesmo campo de variación, os índices de feminización correspondentes ás variables “salarios medios” son reescalados no intervalo $[0,100]$.

Adicionalmente, dado que as variables orixinais presentan distintas escalas, consideramos aconsellable levar a cabo un proceso de normalización dos sesenta e un índices de feminización (Mardia *et al.*, 1979), sendo os máis frecuentemente utilizados a tipificación e as técnicas de reescalamento lineal (Freudenber, 2003; Jacobs *et al.*, 2004). O primeiro deles converte os índices a unha escala común de media cero e desviación típica unitaria, mentres que o segundo, baseado na normalización por mínimos ou na normalización por máximos, lles outorga un rango idéntico no intervalo $[0,100]$. Porén, malia tratarse das alternativas maioritariamente empregadas, presentan dúas importantes desvantaxes. Por unha parte, a necesidade de recorrer á transformación logarítmica en caso de presenza de valores extremos ou atípicos e, por outra parte, a dificultade de realizar comparacións ao longo do tempo, xa que a aparición dun novo dato modificaría tanto a media e a varianza da serie como os seus valores mínimo e máximo, coa conseguinte necesidade de recalcular os indicadores.

Ante estas consideracións, neste traballo levouse a cabo a normalización dos índices de feminización en termos de distancia respecto do valor obxectivo do indicador, é dicir, aquel onde se alcanza a máxima igualdade que, no noso caso, e tal e como mencionamos anteriormente, é o valor 50. Deste modo, a maior valor do índice normalizado, maior participación da muller no mercado laboral.

O último paso na construción do índice sintético consiste en combinar a información dispoñible para a obtención dos indicadores de xénero parciais correspondentes a cada dimensión, así como para a súa agregación no cálculo do indicador de xénero global: o *GILM*. Malia a existencia de múltiples alternativas de agregación (Diewert, 1976), a práctica máis habitual na obtención de indicadores sintéticos consiste na aplicación dunha función lineal ponderada (Nardo *et al.*, 2005).

Neste contexto, a determinación das ponderacións de cada un dos compoñentes do indicador é de gran relevancia na análise, dado o seu considerable efecto no valor final do índice. Neste traballo recorreremos a ponderacións unitarias de todos os índices de feminización normalizados que integran as dimensións consideradas. Isto supón outorgarlle a mesma importancia a cada unha das cinco dimensións, aínda que, pola contra, non implique necesariamente que todos estes índices de feminización teñan o mesmo peso dentro de cada dimensión. Este sistema de ponderación ten como principal vantaxe evitar a asignación de maiores pesos ás dimensións de maior tamaño.

Antes de proceder ao cálculo dos cinco índices sintéticos parciais, é preciso comprobar que as magnitudes que se van agregar se interpretan no mesmo sentido, é dicir, que variacións na mesma dirección teñen iguais efectos na posición da muller. No noso caso, non se observan diferenzas dentro de cada dimensión, polo que non é necesario recorrer a ningún tipo de transformación.

Con todo isto, os indicadores de xénero para cada dimensión veñen dados pola seguinte expresión:

$$D_{jt} = \sum_{i=1}^n w_{ij} \tilde{F}(X_{ijt})$$

onde D_{jt} é o índice sintético da dimensión j -ésima para o período t , $\tilde{F}(X_{ijt})$ son os índices de feminización normalizados que integran esa dimensión, e w_{ij} son as correspondentes ponderacións (que se recollen na táboa 2), de modo que $\sum_{i=1}^n w_{ij} = 1$ e $0 \leq w_{ij} \leq 1$.

Unha vez que dispoñemos destes datos, procedemos á súa agregación no índice sintético global, é dicir, no *GILM*, para o que é necesario comprobar previamente se todos os indicadores parciais a agregar se interpretan en igual dirección. Dado que neste traballo se pretende construír un indicador sintético que mida a evolución da discriminación da muller no mercado laboral, tería que considerarse a connotación positiva ou negativa de cada índice de feminización e de cada dimensión (Riobóo e Martín, 2011, p. 324), de modo que ante connotacións positivas, a maior valor, mellor será a situación da muller –e polo tanto, menor discriminación negativa da muller–; mentres que ante connotacións negativas, a maior valor, maior discriminación negativa da muller. No noso estudo observamos dúas dimensións –o paro e a inactividade– nas que os valores altos dos seus índices sintéticos mostran unha participación elevada das mulleres que non se relaciona con aspectos beneficiosos para elas, como si é o caso das restantes dimensións. Por iso, procédese á utilización do complementario con respecto a 100 dos índices sintéticos parciais correspondentes a estas dúas dimensións de connotación negativa: o paro e a inactividade (Drewnowski, 1972).

Finalmente, agregamos dous índices parciais no índice total, recorrendo novamente a un esquema de ponderacións unitarias, w^* (táboa 2):

$$GILM_t = \sum_{j=1}^5 w_j^* D_{jt} = \sum_{j=1}^5 w_j^* \sum_{i=1}^n w_{ij} \tilde{F}(X_{ijt})$$

sendo w_j^* as ponderacións da dimensión j -ésima, de modo que $\sum_{j=1}^5 w_j = 1$ e $0 \leq w_j \leq 1$.

Polo que respecta á súa interpretación, podemos dicir que canto máis elevado é o seu valor, maior participación activa e positiva da muller no mercado laboral, atopándose a situación de equidade entre xéneros no valor 50 do índice. Deste modo, estamos ante un indicador coherente co seu obxectivo principal de ofrecer unha visión real das condicións de igualdade nas que participan as mulleres no mercado laboral e reflectir a súa evolución ao longo do tempo.

Táboa 2.- Ponderación de cada variable

DIMENSIÓN	w	w^*
Actividade	$8 \times 0,125 = 1$	$8 \times 0,025 = 0,2$
Ocupación	$26 \times 0,038 = 1$	$26 \times 0,008 = 0,2$
Paro	$10 \times 0,100 = 1$	$10 \times 0,020 = 0,2$
Inactividade	$7 \times 0,143 = 1$	$7 \times 0,029 = 0,2$
Salarios	$10 \times 0,100 = 1$	$10 \times 0,020 = 0,2$

FONTE: Elaboración propia.

3. RESULTADOS EMPÍRICOS E DISCUSIÓN

A aplicación da metodoloxía exposta posibilitou o cálculo do *GILM* para o período 2001-2010, un indicador sintético que mide as desigualdades de xénero no mercado de traballo de Galicia e de España. Desta forma, este indicador facilita tanto a comparabilidade no espazo, é dicir, a súa comparativa en diversos ámbitos xeográficos, como a comparabilidade no tempo, de maneira que poidan obterse series cronolóxicas que permitan o estudo da súa evolución temporal.

Nas táboas 3 e 4 preséntanse os índices de desigualdade de xénero para cada unha das dimensións consideradas para Galicia e España. En termos xerais podemos dicir que en ambos os dous territorios se produce unha discriminación negativa na participación activa da muller no mercado de traballo, reflectida mediante índices con valores por baixo de 50 ou, dito doutro modo, as mulleres atópanse nunha peor situación relativa que os homes, aínda que estas desigualdades se foron reducindo nos últimos anos.

Táboa 3.- Indicadores sintéticos por dimensións para Galicia

ANO	ACTIVIDADE	OCUPACIÓN	SALARIOS	PARO	INACTIVIDADE
2001	40,92	42,32	38,06	68,92	63,51
2002	34,39	40,00	38,38	70,58	64,22
2003	39,83	42,54	39,11	71,31	64,04
2004	45,39	44,69	39,44	62,37	64,06
2005	43,94	44,11	39,40	65,83	64,20
2006	44,85	46,72	39,48	70,79	64,40
2007	43,11	45,34	40,18	64,02	65,38
2008	36,53	43,41	40,34	60,55	65,05
2009	42,06	45,10	40,65	53,89	63,67
2010	50,57	49,66	40,65	58,47	63,36

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e da AEAT.

Táboa 4.- Indicadores sintéticos por dimensións para España

ANO	ACTIVIDADE	OCUPACIÓN	SALARIOS	PARO	INACTIVIDADE
2001	38,46	38,71	38,12	57,07	63,17
2002	39,91	39,49	38,43	57,48	63,21
2003	40,31	40,02	39,30	56,82	63,14
2004	40,34	40,43	39,65	56,68	62,95
2005	40,77	40,86	39,58	56,52	64,12
2006	40,93	41,32	39,61	57,70	63,76
2007	41,61	41,70	39,89	56,25	63,65
2008	41,33	42,28	40,63	51,29	63,66
2009	42,09	43,25	41,24	47,43	62,94
2010	42,36	43,53	41,24	46,33	62,65

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e da AEAT.

Polo que respecta a Galicia e en relación coa actividade e coa ocupación, cómpre destacar que no ano 2010 se alcanzou unha situación de equidade, con índices de 50,57 e de 49,66, respectivamente; pero esta situación aínda parece afastada cando nos referimos aos salarios (40,65), ao paro (58,47) e á inactividade (63,36). Neste punto é preciso lembrar que o paro e a inactividade teñen unha interpretación contraria ao resto das áreas de interese, é dicir, que nestes casos canto maior é o valor do indicador, en peor posición se atopan as mulleres.


A nivel nacional é salientable que a situación dos homes e das mulleres se invertera co tempo no campo do desemprego, xa que nos últimos anos dos que se dispón de datos son elas quen se atopan en mellor posición. Así mesmo, durante o período de estudo é nesta dimensión onde máis se acurtaron as distancias respecto da situación de equidade, comportamento que en Galicia se observa para a ocupación.

Se comparamos ambas as dúas áreas xeográficas, podemos apreciar que as desigualdades de xénero en Galicia son menos acusadas que as nacionais nas áreas de actividade e de ocupación, con diferenzas no ano 2010 de oito e de seis puntos porcentuais, respectivamente; mentres que no paro, na inactividade e nos salarios o

comportamento é o oposto. Estas características e tendencias descritas reflíctense con claridade nas gráficas 1 a 5.


Tal e como describimos na metodoloxía, antes de proceder á obtención do indicador global de desigualdades de xénero no mercado laboral, cómpre aplicar un axuste das series de indicadores parciais que permita homoxeneizar a súa interpretación e así poder agregalos nunha única medida. Ese axuste realizarase nas dimensións paro e inactividade calculando o seu complementario a 100.

Gráfica 1.- Evolución e comparativa dos indicadores sintéticos por dimensións para Galicia e España. Actividade




FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e da AEAT.

Gráfica 2.- Evolución e comparativa dos indicadores sintéticos por dimensións para Galicia e España. Ocupación




FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e da AEAT.

Gráfica 3.- Evolución e comparativa dos indicadores sintéticos por dimensións para Galicia e España. Salarios




FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e da AEAT.

Gráfica 4.- Evolución e comparativa dos indicadores sintéticos por dimensións para Galicia e España. Paro



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e da AEAT.

Gráfica 5.- Evolución e comparativa dos indicadores sintéticos por dimensións para Galicia e España. Inactividade



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e da AEAT.

Os datos rexistrados na táboa 5 revelan unha peor situación da muller no mercado laboral, aínda que co paso do tempo a melloría é notable, de modo que a distancia con respecto á situación de equidade se reduciu un 49% en Galicia e un 42% no conxunto do país. Adicionalmente, é destacable que no ano 2010 –último ano dispoñible– a posición da muller no mercado de traballo galego é máis favorable que a nivel nacional, sendo os valores do *GILM* de 43,81 e de 43,63, respectivamente.

Táboa 5.- *GILM* para Galicia e España

ANO	<i>GILM</i> GALICIA	<i>GILM</i> ESPAÑA
2001	37,78	39,01
2002	35,59	39,43
2003	37,23	39,93
2004	40,62	40,16
2005	39,48	40,11
2006	39,17	40,08
2007	39,84	40,66
2008	38,94	41,86
2009	42,05	43,24
2010	43,81	43,63


FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e da AEAT.

A continuación na gráfica 6 recóllese a evolución do *GILM* para Galicia e España. Estes índices cumpren coa función asignada inicialmente, dado que mostran con claridade a posición relativa de ambos os dous sexos e permiten detectar os cambios sociais que se van producindo co paso do tempo. Neste sentido, tal e como

xa se comentou con anterioridade, malia que nos últimos anos se observa unha tendencia xeral crecente cara á equidade de xénero na participación no mercado de traballo, aínda nos atopamos moi afastados desa situación obxectivo.

Tendo presentes as consideracións realizadas, podemos afirmar que o *GILM* se configura como unha ferramenta que facilita o estudo das posicións relativas de homes e mulleres no mercado de traballo, así como o desenvolvemento e seguimento por parte dos axentes políticos das medidas necesarias para promover a equidade de xénero.

Gráfica 6.- Evolución e comparativa do *GILM* para Galicia e España



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do INE e da AEAT.

4. CONCLUSIÓNS

O desenvolvemento non se fundamenta unicamente no crecemento económico, senón tamén no logro das metas sociais, como a equidade entre os sexos. A presenza de indicadores capaces de reflectir fielmente as desigualdades na distinción por xénero é esencial para estes fins.

Neste traballo levouse a cabo unha análise da equidade de xénero no mercado laboral de Galicia, así como unha comparativa coa situación nacional, mediante a obtención do indicador sintético *GILM*, medida de sinxela interpretación que facilita as comparacións espaciais e cronolóxicas.

No proceso de construción do *GILM* seguíronse directrices metodolóxicas claras e transparentes, prestándolle unha especial atención á adaptación ao marco conceptual e teórico, ás características da información, á obtención dos indicadores parciais para cada unha das dimensións consideradas, á súa normalización e á súa posterior agregación.

Con base nos datos obtidos, podemos afirmar que a participación relativa da muller no mercado de traballo é inferior á do home, o cal se reflicte en valores do

índice por baixo de 50. Con todo, tal e como cabía esperar, a tendencia xeral nos últimos anos é a de ir aproximándose paulatinamente á igualdade entre sexos, observándose unha gradual redución da discriminación feminina e, polo tanto, unha melloría progresiva da situación xeral, malia que en determinados ámbitos aínda quede un largo camiño por percorrer.

Este tipo de indicadores constitúe un instrumento útil, representativo e actual na implementación de políticas públicas a nivel nacional e rexional, que fai posible un mellor seguimento e avaliación dos acordos adoptados.

BIBLIOGRAFÍA

- ANAND, S.; SEN, A. (1995): *Gender Inequality in Human Development: Theories and Measurement*. (Occasional Paper, 19). New York: UN, Human Development Report Office.
- BRANISA, B.; KLASSEN, S.; ZIEGLER, M. (2009): *Background Paper: The Construction of the Social Institutions and Gender Index (SIGI)*. OECD.
- DI EWERT, W. (1976): "Exact and Superlative Index Numbers", *Journal of Econometrics*, 4, pp. 115-145.
- DIJKSTRA, A.G. (2002): "Revisiting UNDP's GDI and GEM. Towards an Alternative", *Social Indicators Research*, 57, pp. 301-338.
- DIJKSTRA, A.G. (2006): "Towards a Fresh Start in Measuring Gender Inequality: A Contribution to the Debate", *Journal of Human Development*, 72, pp. 275-283.
- DIJKSTRA, A.G.; HANMER, L.C. (2000): "Measuring Socio-Economic Gender Inequality, Towards an Alternative to the UNDP Gender-Related Development Index", *Feminist Economics*, 6 (2), pp. 41-75.
- DREWNOWSKI, J. (1972): "Social Indicators and Welfare Measurement: Remarks on Methodology", *Journal of Development Studies*, 8, pp. 77-90.
- ECONOMIC COMMISSION FOR AFRICA (2004): *The African Gender and Development Index*. Addis Ababa: ECA.
- FERRANT, G. (2010): *The Gender Inequalities Index (GII) as a New Way to Measure Gender Inequalities in Developing*. (Documents de Travail). Paris: Université Panthéon-Sorbonne (Paris 1), Centre d'Economie de la Sorbonne.
- FREUDENBERG, M. (2003): *Composite Indicators of Country Performance: A Critical Assessment*. (OECD Science, Technology and Industry Working Papers, 2003/16). OECD.
- HAUSMANN, R.; TYSON, L.D.; ZAHIDI, S. (2006): *The Global Gender Gap Report 2006*. Geneva: World Economic Forum.
- JACOBS, R.P.; SMITH, P.; GODDARD, M. (2004): *Measuring Performance: An Examination of Composite Performance Indicators*. (Technical Paper Series, 29). Centre for Health Economics.
- JÜTTING, J.; MORRISON, C.; DAYTON-JOHNSON, J.; DRECHSLER, D. (2008): "Measuring Gender (In)Equality: The OECD Gender, Institutions and Development Data Base", *Journal of Human Development and Capabilities*, 9 (1), pp. 65-86.
- KLASSEN, S. (2006): "UNDP's Gender-Related Measures. Some Conceptual Problems and Possible Solutions", *Journal of Human Development and Capabilities*, 7 (2), pp. 243-274.
- LÓPEZ CLAROS, A.; ZAHIDI, S. (2005): *Women's Empowerment: Measuring the Global Gender Gap*. Geneva: World Economic Forum.

- MARDIA, K.W.; KENT, J.T.; BIBBY, J.M. (1979): *Multivariate Analysis*. New York, NY: Academic Press.
- NARDO, M.; SAISANA, M.; SALTELLI, A.; TARANTOLA, S.; HOFFMAN, A.; GIOVANNINI, E. [ed.] (2005): *Handbook on Constructing Composite Indicators: Methodology and User Guide*. (OECD Statistics Working Paper). Paris: OECD.
- PERMANYER, I. (2008): "On the Measurement of Gender Equality and Gender-Related Development Levels", *Journal of Human Development and Capabilities*, 9 (1), pp. 87-108.
- PLANTENGA, J.; REMERY, CH.; FIGUEIREDO, H.; SMITH, M. (2009): "Towards a European Union Gender Equality Index", *Journal of European Social Policy*, 19 (1), pp. 19-33.
- RAM, R. (1982): "Composite Indices of Physical Quality of Life, Basic Needs Fulfilment and Income: A Principal Component Representation", *Journal of Development Economics*, 11 (2), pp. 227-247.
- RHODES, E. (1978): *Data Envelopment Analysis and Related Approaches for Measuring the Efficiency of Decision Making Units with an Application to Program Follow Through*. (Phd Dissertation). Pittsburgh: Carnegie-Mellon University, School of Urban and Public Affairs.
- RIOBÓO, I.; MARTÍN, C. (2011): "Medición de las desigualdades de género en el mercado laboral de Castilla-La Mancha", *CLM. Economía*, 17, pp. 315-334.
- RIOBÓO, I.; RIOBÓO, J.M. (2009): "Towards an Optimal Synthetic Index on Gender Inequality Measurement", *Proceedings of the 23rd European Conference on Modelling and Simulation*, pp. 463-469. Madrid.
- SLOTTJE, D.; SCULLY, G.; HIRSCHBERGE, J.G.; HAYES, K.J. (1991): "Measuring the Quality of Life Across Countries", *Review of Economics & Statistics*, 73, pp. 684-693.
- SOCIAL WATCH (2005): *Roars and Whispers Gender and Poverty: Promises Versus Action*. Montevideo: Social Watch.
- UNITED NATIONS DEVELOPMENT PROGRAMME (1995): *Human Development Report*. New York, NY: Oxford University Press.
- WHITE, H. (1997): *Patterns of Gender Discrimination: An Examination of the UNDP's Gender Development Index*. (Mimeo). The Hague: Institute of Social Studies.
- ZAMBRANO, E. (2010): *On the Measurement of Gender Inequality*. (Working Paper). San Luis Obispo: California Polytechnic State University, Economics Department.
- ZARNOWITZ, V. (1992): *Business Cycles, Theory, History, Indicators and Forecastin*. Chicago, IL: The University of Chicago Press.
- ZHU, J. (2001): "Multidimensional Quality-of-Life Measure with an Application to Fortune's Best Cities", *Socio-Economic Planning Sciences*, 35, pp. 263-284.